

Procedemento PR71PLA

Planificación do curso escolar

Versión	Modificación	Data
01	Edición inicial	30/06/2014

ELABORADO: Asesoría da calidade da rede dos CMUS/CDAN de Galicia		REVISADO: Responsable de Calidade da rede dos CMUS/CDAN de Galicia		APROBADO: Dirección da rede dos CMUS/CDAN de Galicia	
María Teresa Bárbara Criado		Álvaro Ariño Roure		Juan Durán Alonso	
Data	03/03/2014	Data	30/06/2014	Data	30/06/2014



Índice

1.	Obxecto.....	3
2.	Ámbito de aplicación	3
3.	Misións e responsabilidades	3
4.	Desenvolvemento do proceso	7
5.	Táboa resumo do desenvolvemento do proceso.....	8
6.	Árbore documental	9
7.	Rexistros.....	9
8.	Documentación aplicable.....	10



1. Obxecto

Establecer as directrices para efectuar a planificación do curso escolar.

2. Ámbito de aplicación

Este procedemento aplicarase a toda a oferta educativa de ensinanza regradas.

3. Misións e responsabilidades

- Consello Escolar.
 - Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual e das normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente, así como emitir informe sobre a memoria anual do conservatorio.
 - Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.
 - Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Equipo directivo.
 - Elaborar e redactar, vistas as propostas do claustro e do consello escolar, os distintos documentos de autonomía pedagóxica e de xestión do conservatorio: Proxecto Educativo de Centro, Programación Xeral Anual, Proxecto de Xestión e Memoria Anual.
 - Achegar á administración educativa as propostas e as necesidades do Conservatorio.
 - Acordar coa administración e coa inspección educativa a oferta formativa e o equipo docente do centro.
 - Informar ao Claustro e ao Consello Escolar acerca da oferta educativa e do equipo docente.
 - Asignar tarefas ao persoal do Conservatorio.
 - Asignar os recursos materiais e económicos.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.



- Dirección.
 - Dirixir e coordinar todas as actividades do conservatorio, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro de profesores e profesoras e ao consello escolar, de cara á consecución e ao desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual, establecendo medidas para garantir a igualdade entre mulleres e homes.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Vicedirección.
 - Promover e organizar os plans de avaliación interna do conservatorio, e colaborar, cando cumpra, na avaliación externa e da función pública docente.
 - Coordinar o equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
 - Responsabilizarse do desenvolvemento dos plans de innovación e investigación educativa así como dos proxectos europeos.
 - Coordinar as actividades de formación para o profesorado do conservatorio, proponendo e impulsando a súa participación nun plan de formación.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Xefatura de Estudos.
 - Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.
 - Coordinar as actividades das xefaturas de departamento, das coordinacións e das titorías que se desenvolvan no conservatorio.
 - Elaborar, co resto do equipo directivo, o horario académico do alumnado e do profesorado, garantindo a aplicación de criterios pedagóxicos e organizativos establecidos polo claustro e que respondan exclusivamente ás necesidades de formación do alumnado.
 - Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades de avaliación e probas de acceso.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Secretaría.
 - Organizar e supervisar a actividade e o funcionamento do persoal de administración e servizos.
 - Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno, elaborar a acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace da dirección.
 - Elaborar o anteproxecto de orzamento do conservatorio de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
 - Elaborar e actualizar o inventario xeral do conservatorio coa colaboración das xefaturas de departamento e as coordinacións que corresponda.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.



- Claustro.
 - Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual, así como propor iniciativas no ámbito da innovación educativa e da formación docente.
 - Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo nas diferentes especialidades, así como todos os aspectos educativos do proxecto educativo e da programación xeral anual e emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do conservatorio.
 - Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado e os resultados das avaliacións internas e externas e propoñer, se é o caso, medidas de mellora.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Departamentos didácticos.
 - Impartir a oferta educativa que lles corresponda en relación coa súa especialidade e segundo o establecido na programación didáctica do departamento.
 - Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro sobre os documentos que desenvolven a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión do conservatorio.
 - Elaborar e redactar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica da oferta educativa que lles corresponda, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
 - Promover e organizar actividades culturais e de promoción das ensinanzas e participar nelas dentro e fóra do conservatorio, cando estas se realicen en horario lectivo.
 - Participar no seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica, e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual en que se avalíe a súa aplicación.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- Xefatura do Departamento.
 - Elaborar a previsión da oferta educativa do departamento e colaborar coa dirección na planificación desta e de actividades culturais.
 - Dirixir e coordinar as actividades académicas que o departamento teña encomendadas.
 - Coordinar a elaboración da programación didáctica da oferta educativa do departamento e responsabilizarse da súa redacción cos restantes membros do departamento.
 - Redactar a memoria do departamento ao remate do curso académico.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.



- **Comisión de Coordinación Pedagóxica.**
 - Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas e do Programa de potenciación da lingua galega, e velar polo seu cumprimento, así como elaborar protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.
 - Proporlle ao claustro, para a súa aprobación, as programacións didácticas dos diferentes departamentos.
 - Establecer directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
 - Proporlle ao claustro, para a súa aprobación, os criterios pedagóxicos para a elaboración do horario do alumnado.
 - Proporlle ao claustro o calendario das probas ordinarias e extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**
 - Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación de obxectivos de dinamización da lingua galega que se incluírán no proxecto educativo.
 - Diseñar un programa anual de promoción da lingua galega para o logro dos obxectivos previstos no proxecto educativo.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- **Coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**
 - Coordinar a elaboración do programa de promoción da lingua galega e responsabilizarse da súa redacción.
 - Redactar a memoria do equipo de dinamización da lingua galega ao remate do curso académico.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.
- **Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.**
 - Promover, organizar e coordinar a realización de actividades culturais, artísticas e de promoción das ensinanzas que se impartan no conservatorio.
 - Diseñar, seguindo as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, actividades culturais e artísticas que impliquen todas as ensinanzas que se imparten no conservatorio.
 - Elaborar o programa anual das actividades, para o cal se terán en conta as propostas dos distintos sectores da comunidade educativa.
 - Elaborar unha memoria anual de curso coa avaliación das actividades realizadas, que se incluírá na memoria anual do conservatorio.
 - Calquera outra que poida derivar da aplicación da normativa vixente.



4. Desenvolvemento do proceso

Ao longo do último trimestre de cada curso escolar e nos meses de xullo e setembro realizarase a planificación das actividades docentes para o curso académico seguinte. Previamente o equipo directivo recollerá as propostas que o Consello Escolar, Claustro e os diferentes órganos de coordinación teñan realizado de cara ao curso seguinte, ademais de considerar en todo caso o establecido no Proxecto Educativo do Conservatorio.

Esta planificación componse de diferentes etapas que se detallan a continuación:

- Tendo en conta a información facilitada polos distintos departamentos didácticos a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica o centro remitirá á Xefatura Territorial, antes do 30 de abril, a oferta de vacantes para as probas de acceso ao 1º curso do Grao Elemental e do Grao Profesional. Posteriormente, tendo en conta os resultados destas probas, da convocatoria extraordinaria do mes de setembro e das solicitudes presentadas, farase unha nova oferta de vacantes para o acceso aos restantes cursos dos Graos Elemental e Profesional que serán cubertas mediante a realización das correspondentes probas de acceso.
- Ao inicio do novo curso académico a dirección convocará o claustro específico de repartición da docencia, no cal a xefatura de estudos lles comunicará ás xefaturas dos departamentos:
 - Os horarios xerais do centro.
 - A docencia que ten asignada cada departamento, con indicación dos grupos e materias.
 - Os espazos e situación horaria de que dispón o departamento para o desenvolvemento da docencia, segundo se dispoñan nos horarios xerais.
- Inmediatamente despois do antedito claustro, cada departamento reunirse en sesión extraordinaria para proceder á repartición da docencia entre os seus membros. Na dita reunión redactarase a acta, que será asinada por todos os membros que constitúan nese momento o departamento; ao final da reunión cada departamento entregará copia da acta co resultado da elección de horarios á xefatura de estudos.
- Elaboración e remisión de horarios do profesorado á Inspección Educativa.
- Elaboración e/ou revisión dos diferentes documentos que se inclúen na PXA: Programacións didácticas, Programa de actividades culturais, Programa de promoción da lingua galega, Proxecto Educativo de centro, Plan anual de formación do profesorado e Plan de autoprotección.
- Tal e como indican o Decreto 223/2010 no que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios de música e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto, os conservatorios deberán elaborar ao principio de cada curso unha programación xeral anual que recollerá todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro. Este documento será elaborado polo equipo directivo do centro e aprobado polo Claustro e o Consello Escolar respectivamente.



A Programación Xeral Anual consta de varios capítulos que deben ser remitidos á Xefatura Territorial nos seguintes prazos:

- Capítulo I: antes do 30 de setembro.
- Capítulo II: antes do 15 de outubro.
- Capítulo III: antes do 15 de novembro.

5. Táboa resumo do desenvolvemento do proceso

Actividade	Responsable	Prazos
Oferta de vacantes para o acceso ao 1º curso do GE e GP	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comisión de Coordinación Pedagóxica ▪ Xefatura de Estudos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 30 de abril
Convocatoria Extraordinaria de Setembro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura de Estudos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Primeiros 5 días hábiles de setembro
Oferta de vacantes para o acceso aos restantes cursos dos Graos Elemental e Profesional	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dirección ▪ Xefatura de Estudos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de setembro
Claustro de inicio de curso	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dirección 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de setembro
Xuntanza departamentos para reparto da docencia	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefaturas de Departamento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de setembro
Elaboración e remisión de horarios do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura de Estudos ▪ Dirección 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mes de setembro
Programacións Didácticas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamentos Didácticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 15 de outubro
Aprobación das Programacións Didácticas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Claustro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 15 de outubro
Programa de Promoción da Lingua Galega	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EDLG 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª parte: antes do 30 de setembro ▪ 2ª parte: antes do 15 de decembro
Programa de actividades culturais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vicedirección 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª parte: antes do 30 de setembro ▪ 2ª parte: antes do 15 de decembro
Programa anual de formación do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vicedirección 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 15 de novembro
Programación Xeral Anual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo Directivo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Capítulo I: antes do 30 de setembro ▪ Capítulo II: antes do 15 de outubro ▪ Capítulo III: antes do 15 de novembro
Aprobación da Programación Xeral Anual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Claustro ▪ Consello Escolar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 30 de setembro
Memoria Anual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo Directivo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do 10 de xullo
Aprobación da Memoria Anual	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Claustro ▪ Consello Escolar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes do final do curso



6. Árbore documental

- MD71PLA001_proxecto_educativo
- MD71PLA002_programacion_xeral_anual
- MD71PLA003_proxecto_xestion
- MD71PLA004_normas_organizacion_funcionamento
- MD71PLA005_programa_actividades_culturais
- MD71PLA006_proxecto_linguistico
- MD71PLA007_promocion_lingua_galega
- MD71PLA008_memoria_anual
- MD71PLA009_memoria_actividades_culturais
- MD71PLA010_memoria_lingua_galega

7. Rexistros

- MD71PLA001_proxecto_educativo
- MD71PLA002_programacion_xeral_anual
- MD71PLA003_proxecto_xestion
- MD71PLA004_normas_organizacion_funcionamento
- MD71PLA005_programa_actividades_culturais
- MD71PLA006_proxecto_linguistico
- MD71PLA007_promocion_lingua_galega
- MD71PLA008_memoria_anual
- MD71PLA009_memoria_actividades_culturais
- MD71PLA010_memoria_lingua_galega



8. Documentación aplicable

- Decreto 223/2010 no que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da comunidade autónoma galega.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010.
- Circular 15/2011 da DXEFPIE pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- Decreto 799/2010 para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia.